



Concello de Lugo

**ANUNCIO Nº3 DO TRIBUNAL DE ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS DO CONCELLO DE LUGO MEDIANTE PROMOCION INTERNA (OEP 2016): CORRECCION DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICION**

O Tribunal do proceso selectivo de referencia na sesión de data 7 de abril de 2021 procedeu á corrección do primeiro exercicio da fase de oposición do único aspirante co seguinte resultado:

(...) O Tribunal do proceso selectivo, por unanimidade, ACORDA:

1º. Declarar non apto o exercicio realizado por don Alberto Cardama Cid na fase de oposición dunha praza de enxeñeiro/a de camiños do Concello de Lugo, mediante promoción interna (OEP 2016), por obter unha puntuación de ..... puntos sobre 10, sendo 5 puntos a puntuación mínima esixida para superar dito exercicio obrigatorio e eliminatorio, de acordo coa base 7ª das bases específicas aprobadas por Decreto nº 19005018 de 06/06/2019 do Concello de Lugo (publicada no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo", núm. 148 do 29 de xuño de 2019).

2º. De acordo coa citada base e coa base 17ª das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/10/2014, e publicadas no BOP de data 7/11/2014, os aspirantes que non acaden a cualificación de aptos nas probas de carácter obrigatorio e eliminatorio non poderán realizar os exercicios seguintes e quedarán eliminados do proceso selectivo. En consecuencia, publicarase no taboleiro de anuncios que o aspirante don Alberto Cardama Cid queda eliminado do proceso selectivo por non superar o primeiro exercicio da fase de oposición ao ser cualificado de non apto o primeiro exercicio da fase de oposición, sen prexuízo da solicitude de revisión do exercicio, alegacións ou recursos que procedan por parte do aspirante.

3º.- No suposto de non presentarse alegacións ou recurso de alzada, propoñer ao órgano competente que declare deserto o concurso-oposición dunha praza de enxeñeiro/a de camiños do Concello de Lugo, mediante promoción interna (OEP 2016) por non aprobar o único aspirante presentado.

Lugo, 13 de abril de 2021

O secretario do Tribunal  
Rafael del Barrio Berbel  
Secretario xeral do Pleno do Concello de Lugo